

# PLAN ANUAL LECTOR

## INTRODUCCIÓN:

De acordo co Proxecto lector aprobado no Claustro e no Consello Escolar deste IES faise a proposta de actuación concreta para o curso 2019-20

## FINALIDADES DO PLAN:

O **PLAN ANUAL DE LECTURA** é un programa de obxectivos e accións para o desenvolvemento do *Proxecto Lector de Centro*. Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado dende tódalas áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe.

Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da *biblioteca escolar* do Centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos departamentos didácticos así como a outros órganos do noso contorno (biblioteca pública, colexios de primaria,...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

En primeiro lugar é necesario recordar o principal obxectivo do Proxecto lector: Procurar medidas de fomento da lectura e mantemento de hábitos lectores para que o alumnado adquira estratexias para converter a información en fonte de aprendizaxe. Trátase de ser capaces de comprender o lido e demostralo levándoo a práctica a través da exposición ou interacción.

A comprensión lectora é considerada unha competencia básica no aprendizaxe en xeral.. De forma mais concreta:

- Fomentar a lectura, tanto a persoal, como a compartida.
- Creación de novos lectores.
- Buscar novos espazos de encontro e diálogo entre o alumnado e o profesorado, fóra da aula convencionalmente entendida.
- Intentar superar a suposta oposición ou separación entre a lectura do libro e a utilización do ordenador ou de internet.
- Buscar a mestura de diferentes medios (literatura, cómic, cine, internet, música, etc.) que pode enriquecer a comprensión e disfrute da lectura.
- Implicar a toda a comunidade educativa no Programa de Lectura a través da participación en actividades de distinto tipo, organizadas polo centro escolar e outros órganos do contorno.

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Ademáis das xa presentadas no documento da “Programación da Biblioteca”, levaranse a cabo:

### Actividades de aula nas distintas materias:

- Incluir en todas as materias a lectura de textos en distintos soportes, potenciando o uso do dicionario e a realización de esquemas e resumos.

- Fomentar a lectura de textos de diferente tipo en linguas estranxeiras.
- Fomentar a práctica de distintos tipos de lectura (voz alta, voz baixa, global....) en cada unha das materias.
- En 1º e 2º da ESO, fomentar a dedicación a un tempo de lectura diario en todas as materias a través da HORA DE LER

#### **Actividades de Educación Documental:**

- Potenciar a realización de *Proxectos Integrados de Centro* (traballos de investigación de carácter interdisciplinar, partindo dun tema común e utilizando fontes variadas tanto impresas como dixitais e seleccionando de forma crítica a información dada , na que participan varios departamentos a través de diferentes materias e niveis de alumnado, co obxectivo de realizar un traballo conxunto no que estea implicado todo o centro).
- Potenciar a busca de información en diferentes fontes (biblioteca escolar, pública, medios de comunicación....)
- Potenciar a realización de exposicións escritas e orais propias, a partir da información existente e a súa presentación en soportes variados (presentacións power point, bitácoras, gráficos, artigos...)

#### **Actividades en coordinación cos Departamentos Didácticos.**

- Realización de *concursos literarios* atractivos para o alumnado. Farase en colaboración cos departamentos de Linguas, plástica..., incentivándoos a través dos premios e da dinámica dos concursos.
- Potenciar a participación e consulta do alumnado da *páxina web, blog da biblioteca* onde, ademais doutras lecturas, se comentarán as lecturas obrigatorias propostas polos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Potenciar a consulta dos fondos de biblioteca a través do manexo do Programa Meiga.
- Exposicións de novidades e libros de lectura xuvenil en Lingua Galega e Lingua Castelá .
- Realización de “*Campañas de Lectura*” (Nadal, Páscoas, Verán) e “*Guías de Lectura*” que inclúan recomendacións para toda a comunidade educativa.
- *Encontros cun autor* de obras lidas durante o curso ou doutras propostas ou cun contacontos en datas especiais (“Día do libro”.. “ Día das Letras Galegas”...).
- Asistencia a *representacións teatrais* e posibilidade de realizar algunha dramatización co alumnado do propio centro.

## **Actividades programadas polos distintos Departamentos en relación o Plan lector.**

### **DEPARTAMENTO DE DEBUXO**

#### **1º, 3º, e 4º da ESO materia EPVA**

O longo do curso potenciarase o uso do libros de texto da materia, para que o alumno se conciencie da importancia da lectura como medio de acadar os coñecementos necesarios. O profesor axudará os alumnos para que a interpretación da linguaxe escrita sexa axeitada: - Organizando a parte correspondente a tratar en cada sesión. - Resolvendo as dúbidas de vocabulario, sobre todo das palabras propias da materia, creando un diccionario de termos específicos. - Pasará os alumnos a bibliografía, referida sobre todo os volumes existentes na biblioteca do centro, indicando as unidades coas que están relacionados. - Recomendará a lectura en cada avaliación dalgún dos libros ou cómics da biblioteca. Este Plan Lector avaliarase xunto cos outros contidos no control de cada avaliación : Cunha pregunta sobre vocabulario empregado. Outra pregunta na que a interpretación do texto lles permita a realización do exercicio proposto. O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

### **BACHARELATO: DEBUXO TÉCNICO E DEBUXO ARTÍSTICO**

O longo do curso potenciarase o uso do libro de texto da materia, para que o alumno se conciencie da importancia do uso da lectura, e como método para acadar os coñecementos necesarios. Dado o nivel do alumnado ao que nos diriximos e a especificidade técnica da asignatura, as actividades lectoras dirixiranse estes cursos a asentar e afortalar a comprensión da linguaxe específica da disciplina. A formación dun vocabulario específico e a comprensión da maneira propia de expresión de enunciados e resolucións do Debuxo Técnico será a nosa principal ocupación neste ámbito.

A avaliación da aplicación do Plan Lector en Bacharelato terá lugar, ademais de no transcurso cotiá das clases, nos exames trimestrais da asignatura, por medio da comprensión dos enunciados dos problemas propostos e/ou preguntas específicas sobre vocabulario propio da materia. No caso da materia de Debuxo Artístico, se fará uso da biblioteca e os seus fondos para o estudo da Historia da Arte e análise de diferentes resolucións gráficas, segundo as diferentes épocas, estilos artísticos. O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

### **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

En canto ao proxecto lector, o departamento pon en marcha actividades e intervencións de carácter xeral:

- a. No ámbito da aula serán a través de:
  - Lecturas guiadas de diferentes tipos de textos
  - Debates e diálogos sobre determinados libros
  - Confrontación de puntos de vista sobre lecturas realizadas
  - A partir do 2º trimestre, proporase aos alumnos lecturas adaptadas ao seu nivel para lectura e traballo voluntario dos/das alumnos/as e valorada polas profesoras.

b. No ámbito do departamento:

- Potenciarase a biblioteca como centro de recursos e elemento dinamizador da actividade lectora, fomentando o uso dos servizos bibliotecarios, préstamos de libros, de DVD, uso de Internet, etc.
- O departamento colaborará tamen na elaboración do proxecto lingüístico.

## **DEPARTAMENTO DE FÍSICA Y QUÍMICA**

*Newton y la Gravedad en 90 minutos.* ISBN: 9788432316586

Paul Sttathern. Siglo XXI de España Editores

*El libro de la Tabla Periódica. Enciclopedia visual de los elementos.*

ISBN: 9780241312414

VVAA, DK Edición

*La puerta de los tres cerrojos. 1*

Sonia Fdez-Vidal Ed. Destino Infantil y Juvenil ISBN: 9788408182542

*La puerta de los tres cerrojos 2*

Sonia Fdez-Vidal Ed. Destino Infantil y Juvenil. ISBN: 9788408182559

*Quantic Love* ISBN: 9788424641702

Sonia Fdez-Vidal Ed. La Galera

*Desayuno con partículas* ISBN: 9788490327753

Sonia Fdez-Vidal Ed. Debolsillo

*El asesinato de la profesora de ciencias.* ISBN: 9788467861013

Jordi Serra i Fabra Ed. Anaya

*La Química es la cuestión.* ISBN: 9788417376765

Helena González Burón. PFFES|#Plataforma Editorial

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Fomentáranse estratexias para estimular o interese , o hábito da lectura e a mellora na expresión oral e escrita.

Farase lectura comprensiva de información propia da lingua inglesa e de diferentes tipoloxías de textos, así como lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter e ampliar información, investigar e acceder a recursos en liña.

- Lectura comprensiva de información.
- Lectura comprensiva de información propia de la lengua inglesa.

- Lectura comprensiva de diferentes tipoloxías de textos.
  - Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar y acceder a recursos en liña. Utilizaranse estratexias de comprensión lectora como a lectura silenciosa (autoregulación da comprensión) e elaboración de síntesis, esquemas e resúmenes (conciencia da propia comprensión)
- Elaborarase un calendario polo departamento para optimizar a biblioteca e os seus recursos:
- O profesorado do departamento baixará á biblioteca polo menos una vez ao mes para realizar as seguintes actividades:
- Facer lectura libre dos exemplares de diferentes niveis expostos na biblioteca.
  - Realizar actividades de una lectura concreta dirixidas polo profesor.
  - Facer xogos e actividades de investigación utilizando os exemplares das lecturas que temos en inglés.
  - Visualizar vídeos relacionados coa cultura inglesa ou outros temas que poidan ser do seu interese en inglés
  - Traballar as lecturas obrigatorias deste curso escolar:

Lecturas para o curso 2019/20:

**1ºESO:** White Fang.( Classic Readers).Editorial: Express publishing.

**2ºESO:** Dr. Jekyll and Mr. Hyde. ( graded Readers). Editorial: Express Publishing.

**3ºESO:** T&he Ghost Ship. ( Activity Readers). Editorial: Burlington.

**4ºESO:** A Convict's Tale ( Julie Hart) . Editorial: Burlington.

**1ºBACHARELATO.** The Last Leaf and Other Stories. Editorial: Burlington.

## **DEPARTAMENTO de LATÍN E GREGO**

### **GREGO I. 1º de Bacharelato.**

1ª Avaliación: - Lectura: A Odisea de Homero.

2ª Avaliación: - Lectura: Unha traxedia de Sófocles: Edipo Rei ou Antígona. - Lectura: Unha comedia de Aristófanes: As Aves, Lisístrata, ou outra coincidente co programa de teatro grecolatino de Lugo-Orense 2019.

3ª Avaliación: - Lectura: Un discurso de Platón: O Banquete, Protágoras ou Apoloxía de Sócrates.

### **GREGO II. 2º de Bacharelato.**

1ª Avaliación: Lectura : Ilíada de Homero (Cantos I, VI, XVI y XXII)

2ª Avaliación: - Lectura: Unha traxedia de Eurípides: Medea. - Lectura: Unha comedia de Aristófanes: As Nubes, Asamblea de mulleres, ou outra coincidente co programa de teatro grecolatino de Lugo-Orense 2019.

3ª Avaliación: Lecturas: Poemas varios de Safo, Alceo e Arquíloco.

### **CULTURA CLÁSICA 3º e 4º ESO.**

As lecturas obrigatorias para este curso se concentran nos distintos e variados fragmentos traducidos, de autores clásicos principalmente, que servirán de soporte pola súa temática aos contidos históricos e sociais que se plantexan ao longo do curso.

1ª Avaliación: Fragmentos relacionados cos mitos e héroes grecolatinos, a infancia no mundo clásico, a educación ateniense, espartana e romana.

2ª Avaliación: Fragmentos relacionados coa muller, o home, o matrimonio. As tarefas cotiás. As clases sociais.

3ª Avaliación: Fragmentos relacionados coa guerra e o exército. As actividades de lecer en Grece e Roma.

### **LATÍN 4º ESO.**

As lecturas obrigatorias para este curso se concentran nos distintos e variados fragmentos de autores clásicos principalmente, uns en latín e outros traducidos, de carácter histórico e social relacionados coas temáticas culturais plantexadas ao longo do curso.

1ª Avaliación: Fragmentos relacionados coa orixe mitolóxica de Roma: Troia e a literatura das viaxes.

2ª Avaliación: Fragmentos relacionados coa sociedade e vida cotiá: a familia romana, composición e roles, vivenda, alimentación e indumentaria. Fragmentos relacionados coa mitoloxía clásica: deuses, mitos e heroes.

3ª Avaliación: Fragmentos relacionados coa romanización e o patrimonio arqueolóxico e artístico romano en Gallaecia e o resto de Hispania: urbanismo e edificios significativos; os espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.

### **LATÍN I. 1º de Bacharelato.**

1ª Avaliación: - Lectura: A Eneida, de Virxilio. Os primeiros 6 libros. Comentario e relación coa Odisea de Homero. - Lectura: A Eneida, de Virxilio. Os 6 libros restante. Comentario e relación coa Ilíada, de Homero.

2ª Avaliación: - Lectura: A “Fábula de Amor e Psique” na novela El Asno de Oro, de Apuleyo. - Lectura: Unha comedia de Plauto. Preferiblemente Asinaria, (segundo programa de teatro grecolatino de Lugo-Orense 2020).

3ª Avaliación: - Lectura: Principais discursos de Cicerón: Oratio I in Catilinam.

### **LATÍN II. 2º de Bacharelato.**

1ª Avaliación: Lectura : “A traxedia de Lucrecia” I, 56-40. Ab urbe condita. Tito Livio Lecturas: Poemas varios de Catulo a Lesbia: 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.

2ª Avaliación: Lecturas: Metamorfoses de Ovidio: “Apolo e Dafne” I, 452-567; “Píramo e Tisbe” IV, 55-166; “Orfeo e Eurídice” X, 1-71. Lectura: Unha comedia de Plauto: Preferiblemente *Asinaria* (ou coincidente co programa de teatro grecolatino de Lugo-Orense a celebrar no curso presente).

3ª Avaliación: Lectura: Discursos de Calgaco e Agrícola. 29-38. Agrícola. Tácito

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS**

### **LIBROS DE LECTURA:**

#### **1º ESO**

*Os nenos da varíola* , de María Solar. Edit. Galaxia.

*O raio veloz*, de Agustín Fernández Paz. Editorial Oxford.

*Volverás golfiño* de Andrea Maceiras. Editorial Xerais.

*O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala. Editorial Sotelo Blanco.

*O castañeiro de abril* de Antonio M. Fraga. Editorial Xerais.

*Denébola a Roxa*, de Héctor Cajaraville. Baía Edicións.

*As palabras de auga* , de Marcos Calveiro. Editorial Xerais.

#### **2º ESO**

*A lingua das bolboretas* de Manuel Rivas. Edit.Galaxia.

*O misterio de Portomarín* , de Antía Yáñez. Edit. Galaxia.

*Conta nove estrelas* , de Andrea Maceiras. Edit. Xerais

#### **3º ESO**

*A caixiña dos rancos* de Héctor Cajaraville. Editorial Xerais.

*Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza .Editorial Xerais.

Conta Saldada de Suso de Toro, Edit. Xerais.

Cartas de Inverno de Agustín Fernández Paz. Edit. Xerais.

#### **4º ESO**

*Europa Exprés*, de Andrea Maceiras. Editorial Xerais.

*A cabeza de Medusa* de Marilar Aleixandre. Edit. Xerais.

*Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas. Edit. Galaxia

#### **1º BACHARELATO**

*A arte de trobar*, de Santiago Lopo. Edit. Xerais.

*Poetízate*, de Fran Alonso. Editorial Xerais.

CURSO	LECTURAS PROPUESTAS
-------	---------------------

*Made in Galiza* de Sechu Sende . Edit. Galaxia.

## **2º BACHARELATO**

*A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste. Edit. Galaxia

Os dous de sempre, de Castelao. Edit. Galaxia

*A esmorga* de Eduardo Blanco Amor. Edit. Galaxia.

*Senlleiras* de Antía Yáñez. Edit. Galaxia.

*O sol do verán* de Carlos Casares. Edit. Galaxia.

*Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas. Edit. Galaxia.

*Retorno a Tagen Ata*, de Méndez Ferrín. Edit. Xerais.

*Made in Galiza* de Sechu Sende. Editorial Galaxia.

*O club da calceta* de María Reimóndez. Edit. Xerais.

*Que me queres amor?* de Manuel Rivas. Edit. Galaxia

*O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas. Edit. Xerais.

## **DEPARTAMENTO DE LENGUA CASTELLANA**

El Plan lector es un programa que favorece en los alumnos el interés por la lectura, desarrollado por el Departamento de Lengua Castellana. Este interés se entiende no sólo como parte fundamental de su aprendizaje, sino también como fuente de entretenimiento y placer.

Con este objetivo, el Departamento ha seleccionado para este curso 2019-2020 una serie de lecturas, teniendo en cuenta criterios educativos y psicoevolutivos, valores, contenidos, opinión de los alumnos...

De cada lectura, planteamos:

- Estrategias de animación, diseñadas a partir de objetivos curriculares, relacionadas con cada obra, con el objetivo de trabajar el título antes, durante y después de cada lectura.
- Actividades de aula: creativas, lúdicas y motivadoras, relacionadas con la lectura, para que el alumno las resuelva solo o en grupo.
- Análisis de la obra: resumen completo y estructura narrativa de la misma, en función de los objetivos trabajados según el nivel.

A lo largo del curso, realizaremos una evaluación continua para valorar el correcto funcionamiento del Programa durante su aplicación a partir de los objetivos curriculares.



<b>1º ESO</b>	1ª Evaluación	Objetivo la luna, banda diseñada de Tintín.
	2ª Evaluación	Martínez de Lezea: <u>Muerte en el Priorato</u> . Alfaguara Juvenil.
	3ª Evaluación	Angelidou, María: <u>Mitos griegos</u> . Cucaña. Vicens- Vives
<b>2º ESO</b>	1ª Evaluación	<u>Nessman, Philippe: Los que soñaban con la luna</u> . Casals <u>Mallorquí, César: Las lágrimas de Shiva</u> , Edebé
	2ª Evaluación	Mallorquí, César: <u>Las lágrimas de Shiva</u> , Edebé Nessman, Philippe: <u>Los que soñaban con la luna</u> . Casals
	3ª Evaluación	Lozano, David: <u>Desconocidos</u> . Edebé.
<b>3º ESO</b>	1ª Evaluación	Don Juan Manuel: <u>El Conde Lucanor</u> . Clásicos adaptados. Vicens Vives
	2ª Evaluación	Verne, Julio : <u>D e la tierra a la luna</u> . Anaya.
	3ª Evaluación	Ánónimo: <u>Lazarillo de Tormes</u> . Clásicos hispánicos de Vicens- Vives.
<b>4º ESO</b>	1ª Evaluación	Duque de Rivas: <u>Don Álvaro o la fuerza del sino</u> . Anaya.
	2ª Evaluación	Aldecoa, Josefina: <u>Historia de una maestra</u> . Colección de bolsillo de Alfaguara.
	3ª Evaluación	Buero Vallejo, Antonio: <u>Historia de una escalera</u> . Vicens- Vives
<b>1º BACH</b>	1ª Evaluación	Rojas, Fernando: <u>La Celestina</u> . Oxford
	2ª Evaluación	Calderón de la Barca: <u>La vida es sueño</u> . Santillana.
	3ª Evaluación	Pardo Bazán, Emilia: <u>La Tribuna</u> . SM

*\*(En 2º ESO, se alternan los libros de lectura para poder dar el mayor servicio a los alumnos desde la biblioteca).*

Como complemento a este Plan Lector, colaboraremos, como ya viene siendo habitual en cursos anteriores, con la Biblioteca escolar del Centro, aportando **sugerencias** sobre las lecturas más adecuadas para los alumnos de los distintos niveles, **recomendaciones** trimestrales, **exposiciones**, visitas para búsqueda documental, según indican las TIC, etc.

Dentro de las actividades complementarias diseñadas por este Departamento, y en relación al Plan Lector, hemos diseñado un **concurso literario** de relatos hiperbreves “Por favor, sea breve” en el que participan todos los alumnos del IES.

Dentro de la búsqueda de información documental, se considera el uso de los diccionarios como parte importante dentro del Plan lector: familias de palabras, sinónimos, lenguaje figurado, lectura comprensiva, etc.

Por otro lado, todos los temas de los contenidos parten de la lectura de **diferentes tipos de textos**: literarios, periodísticos, descriptivos, expositivos, argumentativos..., con intención comprensiva, formativa o lúdica.

## DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Dende a área de relixión realízanse diversas actividades educativas destinadas a que os nosos alumnos alcancen os obxectivos do proxecto lector; actividades relacionadas coa lectura, comprensión lectora, busca e tratamento da información, etc. Entre estas actividades podemos destacar: lecturas en voz alta, resumos, mapas conceptuais e esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos, lecturas de distintos pasaxes da Biblia, biografías de personaxes clave no cristianismo, etc. Todo iso, a partir de lecturas axeitadas á súa idade, características e necesidades. Lecturas que, ademais, procuramos que lles resulten amenas e divertidas, á vez que educativas, xa que tratamos de introducilos no hábito da lectura.

No Departamento de Relixión contamos con material educativo neste sentido, e ademais contamos coa colaboración da biblioteca do centro.

Os profesores de Relixión realizaremos un seguimento exhaustivo destas actividades, e periodicamente a súa avaliación.

O Departamento de Relixión propón e aconsella algunhas lecturas que consideramos bastante axeitadas para os nosos alumnos, e poden dispoñer delas ben na Biblioteca do centro, ou ben no departamento:

- *10 palabras clave en relixión. A. Torres Queiruga.*
- *10 palabras clave sobre Jesús de Nazaret. J.J. Tamayo (dir.)*
- *10 palabras clave sobre la Iglesia. AA.VV.*
- *10 palabras clave sobre los símbolos cristianos. Casiano Floristán.*
- *50 cartas a Dios. AA VV.*
- *Atlas histórico de la Biblia.*
- *Atlas histórico de las religiones. Karen Farrinton.*
- *Colección Piruletas de Filosofía.*
- *El canto del pájaro. Anthony de Mello.*
- *El diario de Ana Frank.*
- *El Señor de los amigos. (cómic) J. L. Cortés.*
- *Historia de la Iglesia (I-II). Juan de Isasa.*
- *Historia de las Religiones. Manuel Guerra.*
- *Introducción a la bioética. AA.VV.*
- *Jesús de Nazaret. Joseph Ratzinger.*
- *La Biblia didáctica.*
- *La Semana Santa. Casiano Floristán.*
- *Miryam de Nazaret. Juan de Isasa.*
- *Un señor como Dios manda. (cómic). J.L. Cortés.*

## DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Nas materias impartidas por este departamento, ademais das medidas propias recollidas no Plan lector do Centro, levaranse a cabo unha serie de accións tales como a

proposta de textos sinxelos relacionados cos contidos a traballar en cada momento, para a súa lectura e comprensión, traballando sobre o mesmo mediante cuestión sinxelas, realización de esquemas, resumos ... Os textos propostos poden ser recollidos ben dos propios libros de texto da materia ben de xornais, revistas... ou ben das fontes de información dixitais.

Do mesmo xeito, tratarase de fomentar a lectura no tempo de ocio a través de recomendacións de diferentes títulos relacionados coa materia (por exemplo recomendar a lectura de "Eu robot" de Isaac Asimov; para o 4º curso da E.S.O. cando esteamos a traballar coa robótica), valorando positivamente a súa lectura e comprensión dos mesmos.

Así mesmo, e tendo en conta as características das materias a impartir por este departamento, levarase a cabo unha lectura icónica e de símbolos, interpretación de distintos tipos de planos (edificación, eléctricos, pneumáticos, ..). Ademais en certas ocasións, e cando os contidos o permitan, o profesor poderá facer a lectura dun pequeno texto en voz alta con entusiasmo de xeito que os alumnos perciban a conduta exemplar dunha persoa co pracer de ler.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

### **1º , 2º ,3º e 4 ESO**

Dentro do proxecto Lector se atenderán especialmente os seguintes aspectos:

- a.- Lectura do libro de texto e resolucións de cuestións sobre o mesmo.
- b.- Iniciación ós comentarios histórico-xeográficos guiados de pequenos textos.
- c.- O alumnado disporá dunha lista de lecturas recomendadas entre as que poderá escoller para realizar actividades avaliadas.

### **1º BACH. Historia do mundo contemporáneo**

Seguindo as indicacións do proxecto de integración do Plan Lector, e co apoio do libro de texto, de material videográfico, mapas murais, testemuñas familiares e páxinas web adaptadas, tentarase facer máis próxima a asignatura ao alumnado. A lectura da prensa diaria facilitará que o alumnado valore a importancia do coñecemento histórico, aprenda a comentar os documentos e que se familiarice coa linguaxe política e económica. En cada tema do curso o docente recomendará un listado de películas e novelas que documentan diferentes aspectos da teoría histórica. Na clase faranse lecturas e comentarios de textos históricos e se proxectará material fílmico relativo a cada época.

### **2º BACH. Historia de España**

Faranse lecturas públicas de documentos ou textos relacionadas coa materia. Aconsellaranse obras históricas como lecturas voluntarias e complementarias.

### **2º BACH. Historia da Arte**

Os obxectivos do noso Proxecto de Lectura son:

- Afianzar o hábito de lectura e potenciar o gusto pola lectura e as habilidades de lectoescritura desde a certeza que son o pilar de calquera aprendizaxe significativa. Tentarase desenvolver un club de lectura sobre novelas de contido artístico.
- Sumar e coordinar os esforzos das distintas áreas curriculares e das familias para facer posible o citado propósito.
- Realizar lecturas críticas de textos diversos e complexos.
- Crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concebir a lectura como unha actividade prazenteira.
- Recoñecer os trazos centrais (comunicativos, léxicos, de estilo) de diversos tipos de texto, así como a súa intención comunicativa principal (convencer, explicar, argumentar...)
- Comprender e valorar criticamente textos complexos dos ámbitos científico, técnico, académico, legal, humanístico, etc.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Promover a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e as habilidades críticas e interpretativas desde enfoques individuais que partan dun diálogo aberto coas obras e cos outros lectores.

En todas as materias estudarase a posibilidade de constituir un Club de Lectura.

En Cambre, a 11 de outubro de 2019